

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP DE MUIMENTA  
CURSO:5º  
MATERIA:EDUCACIÓN FÍSICA  
DEPARTAMENTO:  
DATA:8 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	B3.1.1 - Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	B3.1.2 - Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	B3.1.3 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.
	B3.1.4 - Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	B3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.
B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	B6.3.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	B1.3.1 - Ten interese por mellorar a competencia motriz.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: A avaliación do 3º trimestre farase segundo as instrucións da Consellería de Educación do 27 de abril de 2020 , polo que terase en conta a 1º e 2º avaliación, e de cara a avaliación final, aquelas actividades achegadas polo alumnado telemáticamente, só serán tidas en conta de xeito positivo, nunca serán perxudiciais para a avaliación.</p>
	<p>Instrumentos: Os instrumentos de avaliación para a 3ª avaliación consistirán no seguimento das actividades propostas, que os alumnos/as recibirán polo medio correspondente e enviarán, sempre que sexa posible, realizadas ao mestre e que este revisará e devolverá aos alumnos/as, os comentarios recibidos sobre o material recibido.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020, considerará o conxunto das cualificacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres. Tamén será tida en conta a observación por parte do mestre, das actividades de repaso e reforzo que este proporá aos seus alumnos/as para realizar na casa e que serán sometidas a revisión, sempre e cando se beneficie ao alumnado. A nota numérica do área será o resultado da media aritmética da primeira e segunda avaliación, sumándolle o correspondente da terceira avaliación, que será:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 05, puntos se o alumno/a entregou a metade das tarefas propostas</li> <li>- 1 punto, se o alumno/a entregou a totalidade das tarefas propostas</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Ningún alumno/a coa materia de Educación Física suspensa, nin no 1º nin no 2º trimestre.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>De recuperación: como xa dixen non hai ningún alumno/a coa materia de educación física suspensa, polo que non se plantean actividades de recuperación.</p> <p>De repaso e reforzo: Refórzanse os contidos traballados no 1º e no 2º trimestre dun xeito global, máis encamiñados aos contidos referentes ó esquema corporal, actividade física e saúde, xogos de expresión corporal e coordinación dinámica xeral.</p> <p>Todas as actividades propostas serán de repaso e reforzo do traballo presencial na escola e non haberá ampliación de materia para esta área</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	As actividades serán publicadas no aula virtual do centro, onde todos os alumnos e alumnas poderán acceder a elas e desenvolveselas, para máis tarde enviar os vídeos mediante o correo electrónico ao mestre para a súa revisión. A maioría dos materiais serán enlaces a vídeos ou imaxes con xogos.
<b>Materiais e recursos</b>	Correo electrónico Aula Virtual Ceip de Muimenta

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Aula Virtual do Ceip de Muimenta
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.